

Bayern no mundo: unha análise nas relacións exteriores do Estado Libre de Baviera

Christoph R. Schreinmoser

Universidade da Coruña

RESUMO: Este artigo analiza as relacións internacionais do Estado Libre da Baviera, os seus fundamentos constitucionais, os seus diversos formatos e os seus obxectivos. Na actualidade, a Baviera mantén unha rede global de relacións con outros Estados e rexións. A preservación da súa condición de Estado, pero tamén obxectivos pragmáticos como o fomento do comercio exterior en particular, son os puntos centrais das actividades do Estado Libre a nivel internacional. Porén, a pesar destas actividades de gran alcance, actualmente non se pode falar da existencia dunha política exterior bávara autónoma.

Palabras chave: Baviera, Alemaña, acción exterior, relacións internacionais, federalismo, paradiplomacia rexional.

RESUMEN: Este artículo analiza las relaciones exteriores del Estado Libre de Baviera, sus fundamentos constitucionales, sus diversos formatos y sus objetivos. En la actualidad, Baviera mantiene una red global de relaciones con otros Estados y regiones. La preservación de su condición de Estado, pero también objetivos pragmáticos como el fomento del comercio exterior en particular, son los puntos centrales de las actividades del Estado Libre a nivel internacional. No obstante, a pesar de estas relaciones de gran alcance, actualmente no se puede hablar de la existencia de una política exterior bávara autónoma.

Palabras clave: Baviera, Alemania, acción exterior, relaciones internacionales, federalismo, paradiplomacia regional.

ABSTRACT: This article analyses the external relations of the Free State of Bavaria, their constitutional foundations, diverse formats and objectives. Today, Bavaria maintains a global network of relations with other States and regions. The preservation of statehood, but also pragmatic goals such as the promotion of foreign trade in particular, are the focal points of the Free State's activities at the international level. However, despite these far-reaching relations, one cannot currently speak of the existence of an autonomous Bavarian foreign policy.

Keywords: Bavaria, Germany, external action, international relations, federalism, regional paradiplomacy.

1. Introducción

O Estado Libre de Baviera é un dos 16 estados federados que forman o conxunto da República Federal de Alemaña. Non só é o *Land* máis grande en termos de área e o segundo máis poboado, senón que, grazas á súa extensa historia e tradición como entidade política, á súa

distinguida identidade cultural (e, incluso segundo algúns, nacional) e a súa fortaleza económica actual, tamén é o máis comprometido en conservar a súa autonomía política. A protección da *Eigenstaatlichkeit* (soberanía de estado) de Baviera e o compromiso cunha orde federal en Alemaña e Europa foron un principio fundamental da *raison d'état* de Baviera, e non só dende o establecemento da República federal. Unha importante parte da estratexia de Baviera para manter a súa soberanía de estado é exercer influencia nos asuntos exteriores; por unha banda, faino mediante a participación nas entidades federais e da UE; por outra banda, Baviera sempre mantivo as súas propias relacións internacionais con outros estados e rexións, debido a considerarse ela mesma un Estado no seu propio dereito. Baviera participa activamente na actividade internacional, probablemente máis que ningún outro *Land*.

A finalidade deste artigo é examinar as relacións do Estado Libre co estranxeiro, xunto cas súas bases fundacionais, as diversas formas e os seus obxectivos. Para isto, primeiro daremos unha breve perspectiva xeral do desenvolvemento histórico das relacións co estranxeiro de Baviera dende a súa fundación como Estado moderno. A continuación, esbozaremos os fundamentos constitucionais e o marco institucional das accións estranxeiras do Estado Libre. Nas seguintes seccións analizaremos as diversas formas nas que estas actividades teñen lugar e continuaremos analizando os seus obxectivos e puntos de atención. Finalmente, como conclusión, responderemos á pregunta de se as actividades desde Estado Libre a nivel internacional poden ser consideradas como política exterior autónoma de Baviera.

2. Contexto histórico

Aínda que a historia de Baviera como entidade política diferenciada se remonta a máis de mil anos, o actual Estado de Baviera (e, xunto a el, a súa política moderna) nacen ao comezo do século XIX. Desde a Paz de Westfalia no 1648, o por aquel entón Electorado de Baviera foi un Estado semi-soberano dentro do Sacro Imperio Romano Xermánico (véxase Ziegler, 2007, pág.143) e no 1 de xaneiro de 1806, a raíz da reorganización napoleónica de Europa e da caída do Sacro Imperio Romano Xermánico, esta soberanía foi consolidada consolidouse grazas á coroación de Maximiliano I Xosé e o establecemento do Reino de Baviera (*Königreich Baiern*).

O mantemento e a estabilización da recentemente gañada soberanía converteuse no leitmotiv político primordial do novo reino (Körner, 2006, páxs. 32-33) e, xunto ás profundas reformas e ao fomento da consciencia nacional bávara no ámbito interno, a política exterior desempeñou un papel fundamental na consecución deste obxectivos. Consecuentemente, o Ministerio de Asuntos Exteriores, con raíces que se remontan ata 1762, equipado cun servizo diplomático profesional e unha rede de representacións permanentes que engloban case todos os principais Estados europeos e alemáns, ocupaba unha posición destacada na estrutura gobernamental (Ott, 2006; Ott, 2007). Ao mesmo tempo, o corpo diplomático da cidade residencial de Múnic crecía considerablemente xa que cada vez máis potencias europeas e internacionais (como España no 1818 ou México no 1864) enviaban aos seus emisarios para representar aos seus Estados orixe (Weigl, 2006). Deste xeito o Reino de Baviera foi un membro activo da comunidade internacional ao longo do século XIX. Porén, como Estado medio centroeuropeo cuns 3,8 millóns de habitantes, o seu ámbito de actuación principal permaneceu limitado de

maneira efectiva ao plano da Confederación Alemá (*Deutscher Bund*), unha confederación de 39 Estados alemáns soberanos (Körner, 2006, pág. 89). Só co ascenso ao trono grego dun Wittelsbacher entre 1832 e 1862, Baviera logrou temporalmente, aínda que ao final sen éxito, chegar ao nivel da alta política europea.

Respecto a Alemaña, na política exterior de Baviera un dos puntos de inflexión foi o dualismo das dúas grandes potencias, Austria e Prusia, así coma polo movemento nacional alemán, que gañaba cada vez máis popularidade, especialmente entre a burguesía liberal. Nesta constelación, Baviera pretendía establecerse como potencia líder dunha «terceira Alemaña» como un oposto ás dúas grandes potencias. Porén, a conservación da soberanía permaneceu o eixo da política exterior do reino (Körner, 2006, páxs. 122-124) mais os esforzos por manter a independencia política resultaron infrutíferos; ca desaparición da Confederación Alemá en 1866, Baviera pasou a depender cada vez máis de Prusia, e en 1870 tivo que participar na Guerra Franco-Prusiana, ao termo da cal se proclamou o Imperio Alemán (*Deutsches Reich*). Privada de todas as alternativas políticas de actuación, Baviera aceptou unirse ao Reich e o 21 de xaneiro de 1871, despois dun acalorado debate, o *Landtag* aprobou finalmente os tratados pertinentes, dado fin á existencia do Reino como Estado soberano (véxase Körner, 2006, páxs. 128-138; Treml, 2020, páxs. 98-104).

Aínda que Baviera deixou de ser un Estado coa adhesión ao Imperio Alemán, isto non supuxo o cesamento total da súa actividade exterior pois, como Estado membro do Reich, Baviera seguía conservando o *ius legationis* (é dicir, o dereito para establecer legacións noutros estados e a recibilos ela mesma). En gran medida, o Reino fixo uso deste dereito, dado que ademais das representacións ante os demais estados federados alemáns e ante o Reich, en 1914 aínda mantiña misións en Francia, Rusia, Italia, Austria-Hungría, Suíza e coa Santa Sé (Benz, 1969, pág. 964). Varios Estados estranxeiros, como Francia, Inglaterra, Rusia e Austria-Hungría, tamén seguiron mantendo legacións en Múnic (Weigl, 2006). Ademais, a constitución do Imperio concedeu a Baviera a presidencia do Comité do Bundesrat para Asuntos Exteriores, mais, como mostra Benz (1969), os beneficios prácticos destas posibilidades de actuación seguiron sendo limitados:

En última instancia, o exercicio do dereito de legación (...) non era máis que un adorno destinado a facer rechamante a reivindicación da condición de Estado e a disimular a perda substancial de soberanía do reino. Na práctica, Baviera case temía esgotar as posibilidades constitucionais do dereito de legación, pois desde 1871 xa non existía unha política exterior bávara no verdadeiro sentido da palabra. (pág. 966).

Polo tanto, máis que unha política exterior efectiva por dereito propio, as relacións exteriores de Baviera no Reich tiñan un carácter principalmente simbólico, que pretendería salientar o carácter estatal do reino e reforzar o seu papel como gardián do federalismo.

Tras a Primeira Guerra Mundial, produciuse unha nova redución das relacións exteriores de Baviera. En novembro de 1918, o último rei Luís III viuse obrigado a abandonar o país e, tras un breve paréntese revolucionario, Baviera formou parte da recentemente fundada República de Weimar, agora como *Freistaat* (Estado libre). Aínda que a República de Weimar seguía sendo un Estado Federal, mostraba fortes tendencias unitaristas e centralistas, e restrinxía gravemente a capacidade dos *Länder* para dirixir as súas propias relacións exteriores, pois segundo a

súa constitución, as relacións cos Estados estranxeiros e os poderes lexislativos en materia de asuntos exteriores eran competencia exclusiva do *Reich*, o cal supuxo o fin para case todas as representacións que os Estados federados aínda mantiñan e para 1920 Baviera tamén cerrara as representacións que lle quedaban (Ott, 2006). Só as representacións ante a Santa Sé, que non era un Estado, e ante Prusia, que non era un Estado estranxeiro, non sufriron ningún impacto e foron complementadas uns anos máis tardes por unha delegación reaberta en Stuttgart (Benz, 1969, páxs. 990-992; Ott, 2006). De forma semellante ao peche das súas propias delegacións, as misións estranxeiras acreditadas en Múnic (coa excepción da nunciatura papal) tamén foron pechadas. Con todo, resulta interesante que Francia decidira volver a abrir a súa delegación de antes da guerra en Múnic en 1920, a pesar da resistencia do *Reich* e do goberno bávaro, en parte co obxectivo de fomentar as tendencias secesionistas (véxase Müller, 2010). Aínda que o goberno bávaro non estaba entusiasmado con este paso e anteriormente tamén se negara a acreditar ao enviado belga ao *Reich* tamén para Baviera, alegando o reparto de competencias da Constitución de Weimar (Benz, 1969, páxs. 986-987), non contemplaba renunciar a todas as relacións exteriores por completo. Especialmente no contexto da persistente cuestión do federalismo, no que Baviera avogaba constantemente por reforzar a posición dos *Länder*, manter polo menos un mínimo de relacións con entidades estranxeiras era un importante factor simbólico para Baviera como afirmación da súa condición de Estado. En consecuencia, ata 1933, o Estado Libre seguiu mantendo o seu propio Ministerio de Asuntos Exteriores, polo menos de maneira formal, e aínda que existían plans para transformalo nunha chancelería estatal, este paso non se levou a cabo debido ás implicacións simbólicas que representaría dita reestruturación (Ott, 2007). Ademais, a conclusión dun Concordato entre Baviera e a Santa Sé en 29 de marzo de 1924 perseguía igualmente o obxectivo de consolidar o status político de Baviera (véxase Löhnig & Preisner, 2011, páxs. 226-231).

Aínda que Baviera conseguiu afirmar a súa condición de Estado e manter un remanente de actividades de política exterior durante os anos de Weimar, o triunfo dos nacionalsocialistas acabou con iso (temporalmente). Co proceso de *Gleichschaltung* dos *Länder*, que culminou ca Lei para a reconstrución do *Reich* (*Gesetz über den Neuaufbau des Reiches*) do 30 de xaneiro de 1934, os últimos dereitos de soberanía dos Estados federados foron transferidos ao *Reich*, eliminando de maneira eficaz a súa condición de Estado. Como consecuencia, termináronse as últimas relacións oficiais con entidades estranxeiras e o *Freistaat* deixou de existir. Só despois de máis de dez anos de tiranía nacionalsocialista e da destrución provocada pola Segunda Guerra Mundial, Baviera rexurdiu como Estado.

3. Fundamentos constitucionais e marco institucional

Na actualidade, o Estado Libre de Baviera é un Estado Federado da República Federal de Alemaña (*Bundesrepublik Deutschland*) e, como tal, é un Estado por dereito propio e posúe os elementos constitutivos dun Estado (poboación, territorio e goberno). Con todo, non é un Estado soberano, pois a soberanía recae cara ao interior na Federación (*Bund*) e os *Länder* como conxunto, e cara ao exterior unicamente na Federación (Lindner, 2019, páxs. 26-27). Non obstante, a falta de soberanía non significa que os *Länder* se vexan privados de calquera

capacidade de interacción externa con outros Estados ou entidades. A diferenza da maioría dos Estados federais, as competencias en materia de relacións exteriores non están asignadas ao nivel federal exclusivamente en Alemaña, ao contrario, as competencias en materia de asuntos exteriores compártense entre a Federación e os *Länder* (Fassbender, 2016, pág. 280). No referente ás competencias que se lles atribúen, os *Länder* posúen unha personalidade xurídica internacional propia, aínda que derivada e parcial (von Arnould, 2019, pág. 38; Herdegen, 2021, pág. 95). Isto significa que Baviera, no marco da súa limitada personalidade xurídica internacional e polo menos en relación cos Estados que recoñecen o seu estatus (véxase Geiger, 2018, pág. 42), é un membro autónomo da comunidade internacional con capacidade para manter relacións xurídicas internacionais con outros suxeitos de dereito internacional (véxase Fassbender, 2016, pág. 282).

Para determinar os fundamentos constitucionais da actividade exterior de Baviera, débense ter en conta dous documentos: a constitución da República Federal de Alemaña, a coñecida como Lei Fundamental (*Grundgesetz*) do 24 de maio de 1949 e a Constitución de Baviera (Bayerische Verfassung) do 8 de decembro de 1946.

A Lei Fundamental regula o reparto de competencias entre a Federación e os Estados Federados e parte do principio de que, se non se establece o contrario, toda materia é competencia dos *Länder* (art. 30). Porén, a continuación atribúe á Federación competencias (exclusivas ou concorrentes) nunha gran gama de materias, e este é, naturalmente, o caso das relacións exteriores. O art. 32.1 establece que «[c]ompete á Federación manter as relacións con Estados estranxeiros», mais a pesar da redacción, este artigo debe interpretarse de maneira ampla, de modo que non só abrangue as relacións cos Estados, senón tamén con outros suxeitos de dereito internacional, como as organizacións internacionais. A única excepción, por razóns históricas, e a Santa Sé, que aínda que está suxeita á lei internacional, a opinión predominante é que as relacións ca mesma non están comprendidas no artigo 32.1 (Geiger, 2018, págs. 111-112). Segundo esta disposición constitucional, a principal responsabilidade e competencia en política exterior recae claramente na Federación. Con todo, os seguintes parágrafos do Art. 32 conteñen excepcións a esta disposición xeral, que garanten un papel autónomo limitado dos *Länder* nos asuntos exteriores. De acordo co art. 32(2) «[a]ntes da sinatura dun tratado que afecte as condicións especiais do Estado federal, este deberá ser consultado ca debida antelación», e o máis importante é que o Art. 32.3 establece que «[n]o ámbito da competencia legislativa e con a aprobación do Goberno federal, os *Länder* poderán firmar tratados con Estados estranxeiros». Mentres que o apartado 2 garante que se teñan en conta a posición política dun Estado Federado se os seus intereses se ven afectados por un tratado, o apartado 3 confire, dentro das súas competencias legislativas, un poder de elaboración de tratados aos Estados Federados. Naturalmente, esta autorización tamén inclúe todas as accións necesarias no contexto da preparación e execución dos tratados (Geiger, 2018, pág. 113), aínda que tamén é importante destacar que un tratado celebrado en virtude do art. 32.3 necesitará o consentimento do Goberno federal. En consecuencia, a Federación pode impedir a celebración de calquera tratado por parte dos *Länder* e fai valer así a súa primacía en materia de política exterior. A única excepción é, de novo, os concordatos ca Santa Sé, pois aínda que sexan tratados internacionais, o Tribunal Constitucional Federal recoñeceu que non entran no ámbito de aplicación do Art. 32 e que polo tanto poden ser realizados

polos *Länder* sen o consentimento da Federación. Por outra parte, discútese se o Art. 32.3 debe interpretarse no sentido de que, nas materias que son competencia lexislativa exclusiva dos *Länder*, a Federación tamén pode celebrar tratados internacionais ou se é unha competencia exclusiva dos *Länder*. Esta diferenza de opinións, nas que os *Länder* e a Federación manteñen opinións opostas, non se resolveu ata hoxe en día, mais no 1957 chegaron á solución práctica do marco do chamado Acordo de Lindau. O Acordo deixa constancia dos diferentes puntos de vista da Federación e dos *Länder*, pero ao mesmo tempo permite á Federación celebrar tratados internacionais en nome dos *Länder*, incluso en ámbitos da súa competencia exclusiva, sempre que estes últimos participen nunha negociación e, en particular, deran o seu consentimento antes da celebración do tratado (para máis detalles, véxase Gunlicks, 2003, págs. 374-375).

Desde 1992, o recentemente introducido Art. 24.1a da Lei Fundamental tamén permite aos *Länder*, na medida en que sexan competentes para exercer as competencias estatais e desempeñar as funcións do Estado, transferir competencias soberanas ás institucións transfronteirizas das rexións veciñas. O Goberno federal debe estar de acordo con dita transferencia de competencias soberanas. Esta disposición pretende facilitar a cooperación rexional e municipal transfronteiriza (Geiger, 2018, p. 113).

Non recollido explicitamente na Lei Fundamental, pero recoñecido en virtude da súa natureza, está tamén o dereito dos *Länder* a manter contactos con outros suxeitos de dereito internacional dentro do seu ámbito de competencia que non teñan carácter de dereito internacional (Lindner, 2019, páx. 61). Tamén son admisibles, no marco do art. 30, as relacións con entidades subestatais que non son suxeitos de dereito internacional, xa que o art. 32 non se aplica nestes casos. Os contactos deste tipo poden incluír visitas oficiais dos ministros presidentes ou dos ministros de Estado, a cooperación a nivel ministerial, a conclusión de Memorandos de Entendemento ou mesmo o establecemento de representacións no estranxeiro. Con todo, estas representacións son de carácter informal e non teñen status diplomático. Os *Länder* da República federal non teñen un dereito de legación activo nin pasivo; o *ius legationis* pertence exclusivamente á Federación (Geiger, 2018, páx. 113). Só en relación coa Santa Sé discútese se os *Länder* teñen un dereito de legación propio. A favor dunha resposta afirmativa a esta cuestión está o feito de que, como xa se mencionou, recoñécese xeralmente que as relacións coa Santa Sé non están comprendidas no art. 32.1 e, por tanto, na primacía da política exterior da Federación. Por tanto, parece coherente conceder tamén aos *Länder* a posibilidade de manter os seus propios contactos diplomáticos coa entidade. Con todo, ata o de agora ningún dos *Länder* estableceu realmente a súa propia representación ante a Santa Sé.

Dentro destas posibilidades de actuación, os *Länder* poden actuar de forma moi autónoma. Con todo, tamén existen límites á súa acción exterior. O principio constitucional de lealdade federal (Prinzip der Bundestreue) actúa como límite a calquera acción dos *Länder* e, por conseguinte, tamén ás súas relacións exteriores. Segundo o Tribunal Constitucional Federal, este principio é unha norma inmanente da Lei Fundamental e obriga á Federación e aos Estados federados a «cooperar de acordo coa natureza da “alianza” constitucional que lles une e a contribuír á súa consolidación e a salvagarda dos intereses ben entendidos da Federación e dos Estados constituíntes» (BVerfGE 6, 309, 237-238). O deber de lealdade dos *Länder* cara á Federación aplícase especialmente no ámbito das relacións exteriores, no que a Constitución

asigna a responsabilidade principal á Federación. Por tanto, nas súas actividades exteriores, os Länder deben ter en conta as posicións de política exterior do Goberno federal e non poden actuar en contra dos intereses da Federación. Pero ao mesmo tempo, a Federación tamén debe ter en conta os intereses específicos de cada un dos Länder.

Mentres que a Lei Fundamental regula ata que punto os Länder, e por tanto Baviera, poden actuar no marco do dereito internacional, o como desta actividade réxese pola Constitución bávara. Segundo o seu art. 47.3, Baviera está representada no exterior polo ministro presidente. En consecuencia, o ministro presidente é a figura central das relacións internacionais de Baviera. Determina as directrices políticas xerais do Goberno do Estado (véxase o artigo 47.2). A súa tarefa constitucional de representación exterior do Estado Libre inclúe tanto as relacións intraalemás como a representación de Baviera na Unión Europea e as relacións exteriores en xeral. Ademais, como primeiro representante do Estado, o ministro presidente é tamén responsable da celebración de tratados con outros Estados, os chamados tratados de Estado (Staatsverträge). De acordo co apartado 2 do artigo 72 da Constitución bávara, estes son celebrados polo ministro presidente previa aprobación do Parlamento bávaro, o Landtag. Para representar a Baviera no exterior, o ministro presidente está asistido pola Chancelaría do Estado. Ademais, en xaneiro de 2021 creouse o cargo de ministro de Estado para Asuntos Europeos e Internacionais. O ministro, que está integrado na Chancelaría do Estado e mantén sedes oficiais en Múnic e en Bruxelas, é responsable de coordinar a política da UE e fomentar as relacións exteriores.

Mentres que o ministro presidente representa a Baviera no exterior e establece as directrices políticas, e a Chancelaría do Estado, co ministro de Estado para Asuntos Europeos e Internacionais, encárgase da coordinación xeral das relacións internacionais do Estado Libre, os demais ministerios do Estado manteñen tamén vínculos internacionais nos seus respectivos ámbitos de competencia. Por exemplo, o Ministerio de Estado de Economía, Desenvolvemento Rexional e Enerxía encárgase do comercio exterior de Baviera e, de acordo coa natureza da materia, actúa a nivel internacional en calidade de tal. O Landtag tamén é un axente activo nas actividades internacionais de Baviera. Por unha banda, conta cunha Comisión permanente de Asuntos Federais e Europeos e Relacións Interrexionais. O obxectivo desta comisión é, entre outras cousas, identificar os intereses específicos de Baviera e introducilos no proceso normativo da UE. Ademais, traballa para fomentar as relacións entre o Estado Libre de Baviera e outros Estados e rexións, especialmente dentro de Europa, pero tamén fóra dela. Como parte desta tarefa, a comisión tamén preparou as Directrices de Política de Desenvolvemento, que foron aprobadas por unanimidade polo Parlamento en 2016 e que establecen as condicións marco para o compromiso de Baviera no ámbito da cooperación ao desenvolvemento. Por outra banda, o Landtag tamén mantén directamente unha rede de asociacións con outros parlamentos e organizacións. Dende 1999, por exemplo, está relacionado coa Asemblea Nacional de Quebec, coa que se creou en 2002 un grupo parlamentario conxunto que se reúne periodicamente. Existen outros acordos de cooperación coa Duma do Óblast de Moscova ou a Cámara de deputados checa, e tamén se producen intercambios regulares co Parlamento do Tirolo do Sur ou a provincia surafricana do Cabo Occidental.

Por último, os actores que Schmöller (2009) denomina «periferia» tamén desempeñan un papel nas relacións exteriores do Estado Libre que non debe subestimarse. Entre eles ató-

panse as organizacións privadas, as asociacións, as fundacións ou as universidades, que actúan como puntos de contacto e socios do Goberno do Estado e apóianco cos seus coñecementos e contactos (páx. 48-49).

4. Formas de actuación exterior

Como vimos anteriormente, o marco constitucional permite a Baviera un abano de posibilidades de actuación na esfera internacional. En maior medida que outros Länder, o Freistaat tamén fai uso destas posibilidades. Deste xeito, ata hoxe, Baviera construíu unha rede amplamente ramificada de relacións xurídicas e políticas con outros Estados, rexións e organizacións. Os campos temáticos das actividades internacionais do Estado Libre abarcan todas as áreas de negocio do Goberno estatal, como a administración, a educación, a seguridade, a economía ou a cultura. Para iso, o goberno estatal utiliza unha gran variedade de instrumentos diplomáticos.

Por unha banda, Baviera fixo uso do seu poder de creación de tratados e da súa personalidade xurídica internacional e celebrou en varias ocasións tratados bilaterais e multilaterais con Estados estranxeiros e outras entidades. Especialmente nos primeiros anos da República federal, o Estado Libre estableceu a súa propia práctica convencional, a miúdo co obxectivo de consolidar a súa autonomía política fronte á Federación. Un exemplo é o Acordo entre o Estado Libre de Baviera e a República de Austria sobre a aplicación da Convención Salina do 25 de marzo de 1957, que se celebrou baixo o mandato do entón ministro presidente Wilhelm Hoegner. O Acordo representou unha modificación do Convenio de Salina orixinal de 1829 e serviu a Hoegner como vehículo para consolidar e demostrar a estatalidade bávara fronte á resistencia do goberno federal, que vía ameazada a súa primacía en política exterior (véxase Wegmaier, 2011). Tamén cabe mencionar o Convenio sobre a Protección do Lago de Constanza contra a Contaminación do 27 de outubro de 1960, celebrado entre o Estado federado de Baden-Württemberg, a República de Austria, a Confederación Suíza e Baviera, que estableceu unha Comisión Internacional permanente para a Protección do Lago de Constanza. Ademais, entre 1958 e 1988 celebráronse unha serie de tratados coa Santa Sé destinados a modificar o Concordato de 1924 (véxase Busley, 2009). Por último, tamén co obxectivo de consolidar a estatalidade bávara, o Goberno do Estado tentou a principios dos anos cincuenta restablecer a legación bávara ante a Santa Sé. Para iso, encargou un ditame xurídico no que se establecía que unha legación bávara era admisible tanto en virtude do dereito constitucional como do dereito internacional. Con todo, o cambio de goberno estatal en 1954 puxo fin ao proxecto antes de que puidese realizarse (Wegmaier, 2011, páx. 95-96).

Aínda que no pasado o establecemento de relacións xurídicas internacionais con outros suxeitos de dereito internacional desempeñou certamente un papel importante nas relacións exteriores bávaras, especialmente no que respecta á énfase na súa propia condición de Estado, non se pode deixar de observar que no presente esta práctica perdeu gran parte da súa importancia. Por unha banda, o Acordo de Lindau contribuíu a iso. É certo que o acordo permite aos Estados manter o seu status xurídico e asegurar a súa participación na celebración de tratados internacionais que afectan as súas competencias exclusivas. Con todo, tamén conduciu a unha práctica dos tratados na que os Länder están mediatizados pola Federación e apenas aparecen

eles mesmos ante o exterior como potenciais socios dos tratados (Fassbender, 2016, páx. 282-283). Fassbender vai máis aló e fala dun «esquecemento do dereito internacional» (Völkerrechtsvergesslichkeit) por parte dos Länder. Segundo el, os Länder de cando en cando celebran os seus propios tratados internacionais (xa non o fan) e xa non se dan conta da súa personalidade xurídica internacional como expresión da súa condición de Estado. En lugar de establecer relacións xurídicas internacionais con outros suxeitos de dereito internacional, os Länder prefiren as relacións informais e políticas. (Fassbender, 2016).

